

Fondo de Anticipos Republicanos - F.A.R. - Normativa Versión 1.0. Xullo de 2021.

A prestación de servizos no mundo da cultura supón en moitas ocasións desenvolver un traballo que conleva unha serie de gastos (aluguer de material, publicidade, desplazamentos, dietas, aloxamento...) pero o caché ou o cobro da venda de entradas estipulados tarda un tempo considerable en chegar ás contas das persoas que traballaron nese evento (artistas, salas, persoal técnico...).

Para contribuir a mellorar o fluxo entre prestación de servizos e obter algún tipo de ingreso de xeito máis rápido nace dende a A. C. República Musical Mardi Gras o **FONDO DE ANTICIPOS REPUBLICANOS (F.A.R.)**

Para que sexa efectivo, e tendo en conta a limitación de recursos, compre fixar unha normativa clara de utilización e dotación de recursos para o mesmo. Nas seguintes liñas tentaremos concretar esa normativa, os xeitos de captación de fondos, os requisitos para poder beneficiarse do mesmo entre outros detalles.

A *A.C. República Musical Mardi Gras* decide constituir un fondo económico para realizar **anticipos de cartos por traballos xa realizados a artistas, salas, mánager, promotores de eventos e persoal técnico do espectáculo** coas normas que se establecen a continuación para poder utilizar o mesmo. Serán cartos que se deben devolver cando se cobre por eses traballos realizados. Deste xeito a axuda poderá chegar a moitas máis persoas físicas e xurídicas ao longo do tempo.

1. O fondo está destinado exclusivamente a persoas físicas ou xurídicas que se adiquen profesionalmente á música ou ao sector técnico asociada a ela. Consideraranse profesionais aqueles que declaren por escrito no modelo **ANEXO 2 denominado "Solicitud inclusión como persoa ou empresa beneficiaria do FONDO FAR"** que aproximadamente **máis do 50 por cento dos seus ingresos proceden da súa actividade musical** nas súas múltiples facetas: composición, interpretación en gravacións, actuacións en directo, actividades formativas para terceiras persoas, salas de concertos, persoal de son e iluminación e outras profesións asociadas sempre que podan demostrar esa vinculación coa música de xeito fehaciente ou mediante unha declaración responsable na que así o atestigüe.

IMPORTANTE: En caso de que se detectase que se presentou unha declaración que contén falsedades, esa persoa ou entidade quedará fora do Fondo para o resto da súa vida e en caso de ser socia a xunta directiva propondrá a súa expulsión da asociación na seguinte asemblea. Tentar aproveitarse do Fondo sen ter dereito ao mesmo considérase unha grave falta de ética e solidariedade coa profesión.

2. Para poder beneficiarse do F.A.R. deberá realizarse unha solicitude cubrindo o ANEXO 3 "**Solicitude de préstamo FAR**" cada vez que se desexe facer uso do mesmo ano para verificar que as se seguen a cumprir as condicións citadas no punto 1 para poder optar a recibir fondos.

As persoas físicas beneficiarias do préstamo deberán ser socias da A.C. República Mardi Gras. No caso de bandas de música, deberá ser soci@ algún dos artistas ou a persoa que indiquen por escrito que exerce como representante para o cobro das súas actuacións. Para as solicitudes de préstamo por parte das persoas xurídicas, polo menos unha das persoas físicas con cargo de relevancia na mesma deberá ser socia da Asociación e indicar nome e número de carnet.

3. Para solicitar unha aportación do F.A.R. deberán presentarse polo menos dous dos seguintes documentos:

- a) Contrato de actuación ou prestación de servizos ou email con compromiso de contratación e estipulación clara das condicións económicas establecidas.
- b) Factura emitida á persoa ou entidade contratante. En caso de contratos laborais por parte dun terceiro, pedirase a alta na Seguridade Social o día ou días do evento.
- c) Contrato coa empresa de venda de tickets no que se indique que a persoa ou entidade que solicita fondos é a promotora do evento.
- d) Factura emitida á empresa de venda de tickets
- e) Contrato de patrocinio ou fórmula similar cunha empresa ou entidade no que se comprometa un pago pola actividade musical.
- g) Outra fórmula legal que non quede contemplada nos puntos anteriores pero permita garantir que o Fondo Anticipado será devolto salvo que xurda algún imprevisto.

6. Acompañando a eses dous documentos do punto 5 presentarse sempre o ANEXO 4 "**Formalización Préstamo FAR** " no que se establece o compromiso de devolver os cartos no prazo máximo de 4 meses dende que se reciban os ingreso ou ingresos comprometidos no contrato de actuación, prestación de servizos ou venda de tickets.

Por imperativo legal hai que presentar unha declaración na Consellería de Economía de Facenda da Xunta de Galicia que non ten custe (**modelo 600**) pero é un requisito legal a cumprir que non depende da Asociación. Será algo que deba facer a persoa beneficiaria, para o que contará coa Axuda da Asesoría da nosa asociación.

7. O prazo máximo de devolución da aportación será de 4 meses dende a data de celebración. Será potestade da Comisión Avaliadora do F.A.R. da asociación conceder unha ampliación deste prazo previa solicitude por escrito xustificando os motivos desa ampliación.

8. O importe solicitado sempre será inferior ou igual ao estipulado no contrato como importe da contraprestación. **O límite que se pode conceder a unha persoa ou entidade é 10% do fondo F.A.R. e nunca máis de 800 euros.**

Esta cantidade poderá ampliarse de xeito excepcional se os fondos do F.A.R. o permiten e así o acordan por unanimidade a Comisión Avaliadora e resulta ratificado a Xunta Directiva da Asociación que avaliarán a viabilidade e a capacidade de devolución dos cartos da persoa física ou xurídica solicitante.

9. O F.A.R. terá un mínimo de 8.000 euros, aínda que pode comezar a funcionar a modo de proba para detectar posibles erros ou melloras no seu funcionamento unha vez acadados os 6.000 euros dispoñibles no fondo. Esta cifra poderá ser revisada en asemblea xeral de socias e socios da Asociación, que será quen aprobe anualmente se o F.A.R. debe continuar funcionando ou non.

10. O F.A.R. nutrirase de 4 tipos de aportacións:

- a) Unha cantidade anual que procede dos fondos propios da asociación e que se establecerá en Asemblea de socias e socios. Esta cantidade estará en vigor cada ano ata o momento de celebración da primeira asemblea de cada ano natural. Nesta data deberá decidirse, unha vez aprobado o orzamento anual, a aportación ao F.A.R. dos fondos da asociación.
- b) **Micropréstamos de socias e socios.** Ninguén poderá aportar por este sistema máis de 225 euros. A quen o faga, enviaráselle o ANEXO 1 asinado polo Presidente da asociación para que tenga un comprobante do préstamo.
Estes cartos serán devoltos cando a persoa que os prestou o solicite. Deberán estar no FAR durante un mínimo de 8 meses, salvo que por algún motivo excepcional precise a devolución con anterioridade, que lle serán devoltos inmediatamente.
- c) Aportacións de persoas físicas e xurídicas que donen unha cantidade como **Mecenas do F.A.R.** sen dereito a devolución. Non existe límite económico neste apartado. Este Mecenazgo dará dereito a recibir un Carnet de honra da Asociación. A cantidade mínima a aportar será de 200 euros.
- d) En caso de que a Asemblea da Asociación decida un ano **que non se renove o F.A.R.** deberá informarse a cada prestamista do mesmo que terá dereito a solicitar a devolución.
- e) No caso de donativos pasarán a formar parte dos fondos xerais da asociación en caso de disolución do FAR.
- f) Actividades da asociación que se organicen co obxectivo de lograr que todo ou parte do beneficio vaia destinado a incrementar o F.A.R. Cando así sexa, poderá decidirse a cantidade que se suma ao fondo unha vez celebrada a actividade en función do resultado da mesma.

11. O fondo en ningún momento será utilizado en máis dun 80% do importe total dispoñible co fin de garantir que as persoas que aportasen un Microcrédito podan obter a devolución dun xeito rápido se así o solicitan. Tería que darse unha circunstancia moi extraña para que haxa simultaneamente unha solicitude maior do 20% de peticións de devolución dos micropréstamos. En caso de darse esa circunstancia a Xunta Directiva deberá buscar unha solución para afrontar as devolucions solicitadas a través de novas aportacions ou cos fondos propios da asociación.

12. Se as persoas que aportan un Micropréstamo desexan nalgún momento destinar eses cartos de xeito permanente (e renuncian por tanto a que lle sexan devoltos) ao F.A.R. poden facelo con so comunicalo por escrito.

13. A Comisión Avaliadora do F.A.R. estará sempre composta por 3 ou 5 persoas. En caso de faltar algunha persoa ou de disolverse a Comisión, será a Xunta Directiva da Asociación a que asuma as suas funcións.

14. Funcións da Comisión Avaliadora:

- a) Conceder ou non os fondos solicitados
- b) Revisar a documentación presentada pola persoa física ou xurídica solicitante.
- c) Garantir que se realiza a transferencia dos fondos concedidos na maior brevidade.
- d) Deixar por escrito a data límite de devolución dos fondos.
- e) Decidir en caso de solicitudes de ampliación de prazo en función da documentación ou argumentos aportados.
- f) Realizar unha memoria anual dos fondos captados e solicitados
- g) Colaborar coa Xunta Directiva ou a Coordinadora de Actividades da asociación na captación de fondos para o F.A.R.
- h) En caso de conflito dentro da Comisión Avaliadora trasladarase o mesmo á Xunta Directiva que deberá resolver o antes posible a cuestión que se lle plantexa.

14. Será obriga das persoas que poden dispoñer de fondos da asociación facer o pagamento o antes posible á persoa solicitante unha vez que a Comisión Avaliadora da o visto bo.

15. A Asociación poderá dotarse dunha Asesoría contable que, en caso de decidirse así se o volume de traballo é elevado. En caso de serlle solicitado este servizo poderá ser a responsable de levar o control da parte do fondo disposta en cada momento para non superar o límite do 80% fixado no punto 11. Tamén controlará a devolución dos cartos aportados dende o F.A.R. en prazo. En caso de que sexa inclumplido un prazo será comunicado á Xunta Directiva que informará de xeito inmediateo á Comisión Avaliadora do F.A.R. para que contacte coa persoa que incumpliu o compromiso.

16. O incumplimento do compromiso adquirido sen vías de solución a través das peticións realizadas á persoa física ou xurídica conlevará unha denuncia nos Xulgados de A Coruña para solicitar de forma fehaciente a devolución dos cartos anticipados.

Disposición final. A Asemblea da Asociación será o órgano que poderá decidir a modificación da presente normativa en función da proposta dun grupo formado polo menos por 10 persoas socias e incluso a disolución do FAR se a súa aplicación xenerase problemas graves dentro da asociación con motivo da xestión do mesmo, algo que se trata de evitar coa presente normativa. Pero ninguén nin nada é perfecto.

A República

ANEXO 1 FAR -- PERSONAS SOCIAS PRESTAN DINERO PARA EL FAR

Yo, Antonino García Creo, como presidente de la Junta Directiva de la Asociación Cultural República Musical Mardi Gras con CIF G01796853 y domicilio en la calle Falperra 39 bajo 15005 A CORUÑA

CERTIFICO

Quecon número de socio ha PRESTADO la cantidad de euros para que sea destinada exclusivamente a su utilización por parte de la Asociación para el FONDO DE ANTICIPOS REPUBLICANOS. El dinero se presta a interés cero.

El dinero prestado, en su totalidad o en parte, se podrá recuperar a partir de dentro de 8 meses a contar desde la fecha de firma de este certificado, aunque se puede dejar más tiempo para que siga utilizándose para el FAR.

Si por motivos excepcionales se desea recuperar el dinero antes de esa fecha, la Comisión de evaluación del FAR intentará que sea posible esa devolución antes de lo previsto.

Para solicitar la devolución total o parcial debe enviarse un correo electrónico a la dirección. acrepublikamardigras@gmail.com indicando un número de cuenta bancaria en la que realizar la transferencia y el importe que se desea recuperar. La asociación se compromete en realizar la devolución en un plazo máximo de 5 días hábiles.

Una vez realizada la devolución, si es parcial, se realizará un nuevo certificado para indicar la cantidad que todavía tiene prestada en el FAR.

Para cualquier duda al respecto de este préstamo puede llamarse al teléfono 644 169 205.

Y para que conste a todos los efectos oportunos lo firmo en A Coruña a día del mes de..... del año 2021

Fdo. Antonino García Creo
Presidente Junta Directiva A. C. República Musical Mardi Gras

ANEXO 2 "Solicitud inclusión como persona ou empresa beneficiaria do FONDO FAR"

Eu, (nome completo), socio/a da A.C. República Musical Mardi Gras nº

SOLICITO

Ter acceso ao Fondo de Anticipos Republicanos e

CERTIFICO

que a miña actividade profesional relacionada co Sector musical na calidade de representa como mínimo un 50% dos meus ingresos económicos anuais.

E así o asino en a día do mes de de 20....

Asdo: (nome completo)

Datos da persoa solicitante:

Nome completo:

Número de carnet da República:

DNI:

Teléfono:

Dirección:

Email:

Número de conta bancaria na que realizar o ingreso:

Nome artístico /nome da banda(s)/ nome da empresa(s) ou nome comercial do proxecto no que desenvolvo a miña actividade musical profesional:

Nota: no caso de traballar como persoa autónoma, por exemplo como docente, poñer neste apartado: NON PROCEDE.

Breve curriculum profesional no mundo da música
(máximo 10 liñas)

ANEXO 3 "Solicitud de préstamo FAR"

Eu, (nome completo), socio/a da A.C. República Musical Mardi Gras nº

Con solicitude aprobada como persoa beneficiaria do FAR

SOLICITO

A cantidade de € (máximo 800 euros)

Debido a que teño actividade musical pendente de cobro polos seguintes servizos:

ACTIVIDADE	IMPORTE APROXIMADO A COBRAR
------------	-----------------------------

E para que se poda verificar que esa(s) actividade(s) xa está(n) realizada(s) presento neste mesmo email a seguinte documentación:
(contrato, email de compromiso de actuación ou traballo, factura, recibo de cobro, cartaz da actuación ou actividade, nómina...)

COMPROMÉTOME polo presente documento a devolver os cartos recibidos unha vez cobrada a actividade(s) sinalada previamente e sempre dentro dos 4 meses seguintes a recibir a transferencia de cartos por parte do FAR.

E así o asino en a día do mes de de 20..... para que conste a todos os efectos oportunos.

Asdo:

Teléfono:

Email:

A devolución debe facerse na conta da Asociación en Caixa Rural número:
ES62 3070 0044 5062 7354 6926

No concepto indicárase: Devolución Préstamo FAR + o teu nome.

Nota: O importe solicitado non poderá ser superior á cantidade pendente de cobro.

ANEXO 4 "Formalización Préstamo FAR "

Número de préstamo far: /2021

Eu, Antonino García Creo DNI 32816476F no exercicio do meu cargo de Presidente da Xunta Directiva Asociación cultural República Musical Mardi Gras

AUTORIZO POLO PRESENTE DOCUMENTO

Un préstamo a interés cero polo importe de euros procedente do FONDO DE ANTICIPOS REPUBLICANOS que ten como persoa beneficiaria a con número de socia/o

Esa cantidade será transferida á conta bancaria da persoa beneficiaria indicada no Anexo 3 de Solicitud de préstamo FAR.

Tal como consta no Anexo 3 citado, a persoa beneficiaria queda obrigada á devolución dos cartos en canto cobre a actividade ou actividades sinaladas no mesmo ou, como prazo máximo nos catro meses posteriores a recibir a transferencia bancaria que autorizo por este documento dende a conta da nosa asociación en Caixa Rural.

E para que conste a todos os efectos asinoo en A Coruña día do mes de do ano 2021.

Asdo. Antonino García Creo

P.D. Este documento xunto ao xustificante de transferencia bancaria deben ser enviados á persoa beneficiaria ao correo electrónico sinalados por ela no ANEXO 3 Solicitud de préstamo FAR.